# CEIP de RUBIÁNS
# "O VOCEIRO DA ESCOLA"



Nº 16

CURSO 2008-2009

# OS NENOS DE PRIMEIRO VIAXAMOS NO TREN DA LINGUA

O  da Lingua 

O día 17 de marzo os/as 

de 5 anos e de 1º de Educación Primaria-

gamos a  de  déron-

nos unhas  e un . Despois

vimos unhos . E, chegou o mo-

mento de voltar a , subímo-

nos no  e os Contacontos agasa-

lláronnos cunha  e .

Pasámolo moi .

# HORTA ESCOLAR

Antes de preparalo tema, revisámolas revistas anteriores e comprobamos que nesta sección xa falamos de case todo.

Lembrade:

No nº 8 escrubimos un conto: "O LOBIÑO E OS SEUS AMIGOS HORTÍCOLAS"

Os amigos eran: Dona Tomatina, Dona Cenorieta, Don Fresón, Cabaciña etc.




No nº 12 co tema "A COLLEITA" falamos sobretodo das cabazas.



## A colleita

Dende maio ata outubro recollemos:
Amorodos e framboesas.
En setembro e outubro recollemos:
millo de flocos, pipas de xirasol, cabazas, patatas...
Este ano imos explicar o que podedes facer cas cabazas.
Nós cultivámolas de tres clases

2º de Primaria



CABAZA DO PEREGRINO
Deixádelas secar, pintádelos e despois podédelas usar para:
Pozo, lapiseiro, instrumento musical etc.



CABAZA de cor laranxa
Con ela podedes facer:
Crema, flan e marmelada.



CABAZA "cidra" de cor branca
Con ela pódese facer "cabello de ángel"
Mondar, cortar e quitarlle as sementes.
Cocer en auga fervendo con sal, polo menos 1 hora.
Escorrer, pesar e añadir a mesma cantidade de azucre.
Tener todo xunto lentamente unos minutos removiendo e [illegible].

2º de Primaria




No nº 13 "OS HABITANTES DA HORTA ESCOLAR" presentamos os productos da horta, as aromáticas, as ornamentais de interior etc.







No nº 14 na RUTA DAS ÁRBORES POLO C.E.I.P DE RUBIÁNS fixemos unha visita polas 130 árbores que temos. ¡Non falamos de todas!




No nº 15 co tema

PLANTAS CURIOSAS

falamos do liño, da cabaza – esponxa da "moeda do Papa" ou lunaria etc.




Entón, que vos contamos este ano?

Xa témola resposta:

OS TRABALLOS QUE FIXEMOS COAS PLANTAS na clase de segundo.

No mes de xaneiro fixemos semilleiros de tomates, pementos, albahaca, taxetes etc.









## DÍA DO PAI

Este album decorámolo con flores secas. Recollémolas en febreiro.

Nós secámolas en prensas. Ten que estar uns 15 días. Atámolos cunha trenza que fixemos de espadanas.






## DÍA DA NAI

Agasallámola cunha alegría que plantamos no mes de marzo.

ALUMNOS DE SEGUNDO

[illegible] [illegible] Vera Patricia [illegible] J. Manuel

[illegible] Yannick Alba Sami Elias YASMINA

# OS NENOS E NENAS DE 3 E 4 ANOS APRENDIMOS UNHA POESÍA DA CARA




Teño unha cara redonda
con dous olliños e un nariz.
Tamén teño unha boca,
para falar e rir.
Cos olliños vexo todo
Co nariz fago Achiiis!
E coa boca como
o que máis me gusta a min.



**CEIP RUBIÁNS**



**O VOCEIRO DA ESCOLA**



**CEIP RUBIÁNS**




E continuou saltando ata que veu
unha cova.
Era a cova do xigante e o xigante estaba
dormido e a pulga picoulle por todos os lados e con
unha corda atouno moi forte, E cando se desperto
o xigante estaba gruñindo a pulga colleu todos
os tesouros e marchou. Todos os veciños estaban
contentos o xigante non volveu a molestar.


Así que vale mais intelixente que forte.
Perdón que olvido: Colorín colorado este
conto acabouse.

# FIN


POEMA
Castañiña, castañiña
querote zemper
o meu bandullo comeza asubiar.
Castañiña, castañiña
non fuxas de min
collereite, collereite
pois xa case te collín.
Castañiña, castañiña
xa te collín
comereite, comereite
xa te comín.
Beatriz Novo Paulos

# POESÍA SOBRE O MAGOSTO:

A mala castaña
non vale para nada.
Cando a castaña sae do ourizo
o lume bótalle un feitizo.
O magosto festa popular
na que hai que botar
a asar unhas castañas
para comer e saborear.
Vou ás castañas ao monte
Para comer pola noite.

ABEL PAULOS (6º Primaria) 

Tamén os nenos e nenas de 4º interpretaron unha cantiga para animar a festa e para homenaxear á nosa conserxe e "castañeira".

Magosto, Magosto,
querémoste sempre connosco!
O magosto xa se acerca
sopra o vento en Rubiáns,
e avivando moito as brasas
as castañas asarán.
Dalle Merche, dalle Merche
dalle ,dalle con tesón,
coma ti non hai ningunha
poslle todo o corazón.
Magosto, Magosto,
querémoste sempre connosco.



Ai que fame , ai que fame,
como apreta o bandullo,
comerei moitas castañas
con moitísimo orgullo.
Pois a festa do magosto
gústanos un mogollón,
cantaremos, comeremos
ao compás desta canción.
Magosto, Magosto,
querémoste sempre connosco.

# O día da Paz

*O día 30 de xaneiro festexamos o día da paz. Como cada ano una representación do Centro, neste caso os máis maiores, acudiron ao acto organizado polo Concello, que este ano tivo lugar na praza da Peixería de Vilagarcía e no que os nenos leron diversos manifestos.*

*Tamén no Centro organizamos un bonito acto. Todos os nenos e nenas acompañados dos seus mestr@s déronse cita na entrada do Centro para interpretar o himno escollido este ano para simbolizar a paz, a canción "It´s time to change" de Juanes, ó tempo que todos portaban pombas brancas.*



*Tamén para conmemorar este día tan especial todas as clases puxeron da súa parte para decorar as paredes do Centro.*

*Infantil fixo un mural coa palabra paz en distintos idiomas.*

*O primeiro ciclo un mural onde a pomba divide a guerra e a paz con palabras que fan mención a cada unha delas.*

*O segundo ciclo fixo o abecedario da paz*

*O terceiro ciclo fixo o arco da vella onde se expresa que todos os días sexan paz.*

**O VOCEIRO DA ESCOLA**

*¡Aí van algunhas fotografías !*















**CEIP RUBIÁNS**

# QUEN SON

¡Ola!

O meu nome é "POR FAVOR", son un amigo que quero acompañarte e axudarte a espertar sorrisos.

Comunicarte, relacionarte, vivir e estar cos demais é unha realidade e unha grande necesidade na túa vida.

Quero indicarche algúns pequenos segredos para facer "MÁIS FÁCIL A CONVIVENCIA".

Xa o verás. Sentirala gran satisfacción de facer felices aos demais.

Este é o meu maior desexo.

- Cando necesites limpar o teu nariz non uses os dedos; utiliza un pano do nariz.

**O VOCEIRO DA ESCOLA**

- Evita, sobre todo, aqueles xestos que supoñan unha falta de respeto ou ofensa para os demais.
- Cada mañá, e a ser posible despois das comidas principais, debes limpar os dentes.
- Procura levar sempre a roupa limpa.
- Acostúmate a ser ordenado nas túas cousas: libros, roupa, xogos, etc.
- Trata con respeto as persoas maiores.
- Procura escoitar sempre na clase, xa que se un está distraído perde o tempo e fai-llo perder aos demais.
- Leva ao día as túas tarefas escolares, pois é ben certo o refrán: "Non deixes para mañá o que poidas facer hoxe".
- Non tires nunca nada ao chan.
- Non montes nun coche dun descoñecido.
- Se usas os servicios, do colexio ou doutro lugar, esmérate en deixalos en orde e limpos como a ti che gustaría atopalos.

**CEIP RUBIÁNS**

- Se tes a oportunidade de visitar un Museo, non toques nada.
- Ao comer ou beber, non fagas ruido coa boca, e tamén non fales coa boca chea.
- Cando pidas algo, non che costará nada engadir: "por favor", e logo "gracias".
- Cando esteas fóra da casa compórtate como se estiveras en presencia dos teus pais.
- Pórtate ben cos teus amigos e ten sinceridade con eles.
- ¡POR FAVOR! É unha estupenda expresión que borra todas as esixencias.
- ¡BOS DÍAS! ¡BOAS TARDES! ¡BOAS NOITES! Son bonitas palabras para desexar o mellor a tódalas persoas que nos atopemos.
- ¡GRACIAS! Outra preciosa palabra que debemos ter a flor dos beizos, pois hai moitas cousas que agradecer tódolos días.

Refraneiro Galego (E.I. 4 e 5 anos)

- En boca pechada non entran moscas.



- Se rega san Bieito regan tódolos santos a eito.

- Hasta o cuarenta de Maio non te quites o saio.

**CEIP RUBIÁNS**

marzo ventoso abril chuvioso
fai o maio florido e fermoso




ao cabalo regalado non
lle mires o dente



**O VOCEIRO DA ESCOLA**

- Na casa do ferreiro coitelo de pao.



- O que chega tarde non ol misa nin come carne.

- Labrega chalán, non colle viño nin come pan.

**CEIP RUBIÁNS**

Ímosvos contar algo sobre o Samaín significa "Fin do Verán". A súa celebración comeza co crepúsculo do día 31 de Outubro. Marca o comezo do Ano Novo celta e, así mesmo, o inicio da primeira das dúas metades nas que os pobos celtas dividían o ano: o inverno.
É unha intervención máxica onde as leis mundanas do tempo e o espazo están temporalmente suspendidas. A barreira entre os mundos desaparece.
Comunicarse con antecesores e amores falecidos é sinxelo neste tempo.
Orixinalmente a "Festa dos Mortos" era celebrada en países célticos, deixando
comida como ofrenda nos altares ou na entrada das portas.
Adóitanse acender fogueiras cun dobre propósito: simbolizar o final do verán e
axudar ás almas dos mortos a atopar o camiño cara á luz e o descanso. As candeas eran acendidas e deixadas nas fiestras para axudar a guiar aos espíritos de antecesores e dos amados ao fogar. Púñanse máis cadeiras nas mesas e ao redor das chemineas para os invitados invisibles. Deixábanse mazás nas beirarrúas e nos camiños para os espíritos perdidos ou que non tiñan descendentes.
A denominación "Halloween" derívase das palabras inglesas "Todos os santos" (All Hollows Eve), e a súa popularidade en Norteamérica remóntase ás emigracións irlandesas.
Este ano celebramos o Samaín recordando así as nosas tradicións e raíces.
Primeiro imos recordarvos cales son as orixes desta festa que día a día se celebra máis.
**Halloween, Samaín** ou **Noite de Sapos, Bruxas e Curuxas** é unha festa que provén da cultura castrexa que se celebra o 31 de outubro. Os nenos disfrázanse para a ocasión e paséanse polas rúas pidindo doces de porta en porta. Despois pronuncian a frase "truco ou trato", "doce ou truco" ou "doce ou travesura" (provinte da expresión inglesa trick or treat). Se os adultos lles dan lambetadas, cartos ou calquera outro tipo de recompensa, interprétase que aceptaron o trato. Se pola contra se negan, os rapaces gastaranlles unha pequena broma, sendo a máis común lanzar ovos ou escuma de afeitar contra a porta.
Por primeira vez quixemos celebrar o Samaín dun xeito especial. Primeiro traballamos coas cabazas.

**O VOCEIRO DA ESCOLA**

Comezaron os máis cativos cunha bonita e variopinta exposición de cabazas na que o inxenio non faltou.



Rubiáns vestiuse de cabaza

Na clase de inglés vaciamos cabazas (pumpkins) e convertímolas en Jack-olantern, tamén aproveitamos o seu interior facendo ricos zumes.
O colofón final tivo lugar o vernes 30 onde os rapaces de sexto bailaron e cantaron a canción de Thriller de Michael Jackson no pavillón. Tamén alí bailaron o baile dos esqueletos os nenos e nenas de terceiro e cuarto.



...E como non, mencionar que algúns profes tamén tiñan un aspecto do máis pantasmagórico

Quen sería esta pantasma?

# O Samain



Fiscemos uns libriños "A cociña do Samaín" para medrar sans.
A cabaza e unha hortaliza rica en minerais sobre todo en potasio e vitamina c.
Ca profe Ana tomamos un zume de cabaza, na aula de inglés ¡Riquisimo!





Tamén: Marmelada de Cabaza
e Flan de Cabaza



**CEIP RUBIÁNS**

Creamos caveiras para asustar a outros nenos/as



*Intercambiamos as sementes. Para o ano teremos moitas*



David Miriam Iago Andrea Mari Carlos
Sara Jorge Paula Cristian

# Taller de Escritores

Os nenos/as de 4º o que máis nos gustou de este curso foi ler ¡moitísimos! libros da biblioteca e despois inventar contos. Aquí tendes algúns para disfrutar.




No Nadal escribimos moitos contos en Castelán

**CEIP RUBIÁNS**

# Loliño

Érase un neno que se chamaba Loliño. Vivía nunha aldea de Lugo, co seu pai, que era panadeiro e coa súa nai que coidaba da casa e atendia o gando e a horta. Cando Loliño cumpreu seis anos, os seus pais decataronse

de que el era o único neno da
aldea, e que tiña que ir a escola.
Entón, dicidiron ir buscar traballo
na vila. O pai púscose a traballar
nunha pastelería. Alugaron un piso
e meteron a Loliño nun colexio de
frades. Loliño só falaba galego,
pero no colexio só falaban
castelán, e o primeira que fiseron

O VOCEIRO DA ESCOLA



foi cambiarlle o nome, puxeronlle
Manolito. A él non lle gustaba
e non quería volver máis ó

colexio.

Pero sucedeu que a Daniel, que era o seu compañeiro gustaballe moito como falaba Manolito e pediulle que lle ensinase a falar galego. Fixeronse moi amigos e aprenderon un a lingua do outro, facian os deberes xuntos e xogaban. Daquela Loliña xa non estivo só e foi moi feliz porque cada vez habia máis nenos que querian ser coma eles.

**CEIP RUBIÁNS**


RA QUE LEVA









**QUEN SERÁN ESTES PROFES?**

Como todos e todas sabedes, os profes tamén fomos nenos e nenas nalgún momento das nosas vidas.

A ver se sodes capaces de recoñecer nestas fotos ós seguintes profes: Charo, Noela, Paula, Carlos, José Manuel, Mª José, Geni Ana, María e Merche (a nosa conserxe).














# XEROGLÍFICOS



\+ PRONOME ÁTONO 2ª PERSOA SINGULAR +



ISO NON É UN LEÓN, É UNHA ... .

PRONOME ÁTONO 2ª PERSOA PLURAL + PRONOME ÁTONO 2ª PERSOA SINGULAR + DDDD

¿... SABEN CANDO CHEGA O TREN?



\+ PRONOME ÁTONO 1ª PERSOA SINGULAR +




\+ PRONOME ÁTONO 3ª PERSOA PLURAL

Á MIÑA IRMÁ GÚSTANLLE MOITO OS ...

ALUMNOS de 5º

- IGNACIO ABALO MARTÍNEZ
- DANIEL CÁRDENAS GONZÁLEZ

# REFRANEIRO

- NENO LARPEIRÓN: OU VAI PARA CREGO OU VAI PARA LADRÓN.
- HOME CASADO: BURRO AMOLADO.
- O MELÓN E A MULLER, SON MALOS DE COÑECER.
- MENTRAS NON HAI MORTE, NON HAI MALA SORTE.
- O QUE BEBE VIÑO, CHÉIRALLE O FUCIÑO.
- TERRA SEN ABONO, ACABA CO SEU DONO.
- FEBREIRO: XIADA NA LEIRA E CACHOPO NA LAREIRA.
- MES DE SAN XOÁN: MES DE FOGATAS, SARDIÑAS E PAN.

ALUMNAS de 5º

- ELSA GONZÁLEZ MEIXÚS
- SARA FONTÁN CÉSAR

## COMPLETA COS XENTILICIOS INDICADOS

1. MULLER DE FISTERRA.
2. MULLER DE OURENSE.
3. MULLER DE VILAGARCÍA.
4. HOME DE RIBEIRA.
5. HOME DE CARNOTA.
6. HOME DE AROUSA.




## ADIVIÑA

VERDE NA ÁRBORE,
MADURA PICA
E SE A COMES ASADA
ESTÁ MOI RICA.



ALUMNAS de 5º

- JENIFER PAULOS GÓMEZ
- NOELIA PATIÑO REY

# RESOLVE O ENCRUCILLADO

1. PARTE DO OLLO ONDE ESTÁN AS PESTANAS.

2. PEZA DENTAL COA QUE SE MASTIGA.

3. MÉDICO QUE CURA AOS NENOS.

4. UTENSILIO PARA POÑER INXECCIÓNS.

5. SÍNTOMA MOI MOLESTO QUE ACOMPAÑA OS CATARROS.

6. MÉDICO QUE REVISA A VISTA.

7. DENTE AGUZADO QUE ESTÁ ANTES DAS MOAS.

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | | | | P | | | | | |
| | 2 | | | A | | | | | |
| | 3 | | | D | | | | | |
| | | 4 | | I | | | | | |
| | | 5 | | O | | | | | |
| 6 | | | | L | | | | | |
| | | 7 | | A | | | | | |

ALUMNAS de 5º

- JESSICA GIMÉNEZ AMAYA
- LORENA RAMOS RAMOS

# MARAÑADA de LETRAS

Ordenando estas letras poderás formar o nome dunha estación do ano e dun famoso escritor español. Comeza por cada letra arrodeada




ALUMNOS de 5º
- ÓSCAR ROSENDE DOMÍNGUEZ
- ANÁS AMRI HALLIDUI
- ÓSCAR GIMÉNEZ GIMÉNEZ

# SOPA de LETRAS

Busca seis nomes relacionados co verán. Coas letras que sobran, agás as H, poderás formar un coñecido refrán.

| | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R | H | S | O | L | A | P | R | A | I | A | S | H | T | H |
| S | A | C | O | L | L | E | I | T | A | D | H | C | D | A |
| E | R | E | N | T | B | O | L | B | O | R | E | T | A | A |
| S | D | E | H | M | A | H | I | O | H | N | O | N | T | E |
| T | Q | H | U | I | T | H | E | S | H | O | H | L | S | H |
| A | A | I | H | M | O | R | C | E | G | O | A | G | O | O |

ALUMNAS de 5º

- NOELIA MIGUÉNS DOMÍNGUEZ
- REBECA MACEIRA PENA

# *FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS*

Un ano máis celebramos no Centro o noso Festival das Letras Galegas, dedicado este ano a Ramón Piñeiro.

Os nenos e nenas das distintas clases subiron o escenario para render unha homenaxe á nosa lingua.

Tivemos teatro, recitado de poesías, bailes e cancións. O punto final o puxo a interpretación colectiva do "Himno Galego".

Tamén decidimos facer unha exposición con obxectos antigos que os nenos e nenas trouxeron das súas casas. Ao final xuntamos un montón de cousas curiosas e puidemos facer unha exposición ben xeitosa.

Aquí vai unha mostra:









Tamén fixemos unha alfombra floral coa colaboración de todos os nenos e nenas do Centro.

